

Volvendo ós seus discursos, se un quere escoitar os de Sócrates, é posible que, ó principio, os atope totalmente ridículos. ¡Tales son as palabras e expresións con que están revestidos por fóra, que se diría que se trata do pelexo dun sátiro insolente! Fala de burros, de ferreiros, de zapateiros e curtidores, e parece que sempre di o mesmo coas mesmas palabras, de xeito que todo home inexperto e estúpido vería motivos de risa nos seus discursos. Pero se un se fixa neles, atopará, en primeiro lugar, que son os únicos que teñen en verdade un sentido interno; despois, que son os máis próximos á divindade, que posúen innumerables imaxes da virtude e que tratan sobre toda clase de temas. Son, en suma, sempre beneficiosos para todo aquel que aspire a mellorar e facerse máis nobre.

Isto é, señores, o que eu eloxio en Sócrates, e tamén, como vedes, as ofensas que lle reprocho. Con todo, non mas fixo a min, senón tamén a Cármides, fillo de Glaucón; a Eutidemo, fillo de Diocles; e a outros moitos, ós que enganou entregándose como amante, para ser despois, máis ben, amado no canto de amante. Tamén cho digo a ti, Agatón, para que non te deixes enganar por este home senón que, en vista da nosa experiencia, teñas coidado e aprendas, por unha vez, e contra o que di o refrán, en cabeza allea.

NARRADOR: Ó rematar Alcibiades de falar, houbo unha gran gargallada, ocasionada pola súa franqueza, posto que todos entenderon que aínda estaba namorado de Sócrates. Dixo entón Sócrates:

SÓCRATES: Creo, Alcibiades, que estás sereno, xa que doutro xeito non tentarías nunca, agachando de xeito tan enxeñoso as túas intencións, ocultar a razón pola que dixeches todo o que acabas de dicir, con ese ostentoso remate con que puxeches fin á túa disertación, como se non dixeses todo iso para provocar que nons enemistemos Agatón e máis eu, ó pensares que é a ti a quen debo amar e a ningún máis; e que Agatón, á súa vez, tan só debe ser amado por ti e por ningún máis. Pero non pasei por alto a túa intención, senón que creo que é demasiado claro ese drama satírico que acabas de proclamar. Así pois, querido Agatón, que non gañe nada e que non xurda entre nós ningunha clase de inimzade.

AGATÓN: Creo, Sócrates, que é moi posible que teñas razón. E sospeito ademais que sentou entre nós os dous para nos afastar. Pero non conseguirá nada, posto que agora mesmo vou sentar ó teu carón.

SÓCRATES: Moi ben. Senta aquí, ó meu lado.

ALCIBÍADES: ¡Ou, Zeus! ¡Que novo desprezo recibo deste home! Pensa que ten que ser, por forza, superior a min en todo. Pero, xa que non outra cousa, permite, polo menos, que Agatón se deite no medio de nós os dous.

SÓCRATES: Imposible, porque ti xa fixeches o meu eloxio e agora cómpre que eu, pola miña banda, eloxie ó que está á miña dereita. Polo tanto, se Agatón senta destoutro lado, ¿non me eloxiará de novo, no canto de ser eloxiado por min? Déixao, pois, divino amigo, e non teñas ciúmes do mozo que vai ser eloxiado por min. Por outra banda, devezo por acometer o seu encomio.

AGATÓN: ¡Bravo, bravo! Agora, Alcibiades, non podo de ningún xeito permanecer aquí, senón que por forza teño que cambiar de sitio para ser eloxiado por Sócrates.

ALCIBÍADES: Isto é xustamente o que adoita suceder: sempre que Sócrates está presente, ningunha máis pode gozar da compañía dos rapaces fermosos. ¡Con que facilidade atopou agora unha desculpa para que este sente ó seu carón!


NARRADOR: Entón, Agatón ergueuse para sentar a carón de Sócrates, cando de súpeto se presentou diante da porta unha gran cantidade de persoas que ían de pándega e, ó atopala casualmente aberta porque alguén acababa de saír, entraron e comezaron a acomodarse. Comezou entón un gran balbordo e, xa sen ningunha orde, todos comezaron a beber unha gran cantidade de viño. Entón Eriximaco, Fedro e algúns outros partiron e deixáronos, mentres que eu mesmo comecei a sentir sono e quedei durmido durante moito tempo, pois eran longas as noites, e non espertei ata o alborear, cando xa cantaban os galos. Ó abrir os ollos vin que algúns durmían e outros xa marcharan, mentres que Agatón, Aritófanes e Sócrates eran os únicos que aínda seguían espertos e bebían dunha gran copa, de esquerda a dereita. Sócrates, por suposto, conversaba con eles: no esencial, Sócrates levaba ós outros a recoñecer que era cousa do mesmo home saber compondor comedia e traxedia, e o que logra ser con arte autor de traxedias tamén o será de comedias. Obrigados a admitir isto, e sen seguir moi ben o fio das súas palabras, comezaban a topenear. Primeiro quedou durmido Aristófanes e logo, cando xa era de día, Agatón. Entón Sócrates, despois de durmillos, ergueuse e marchou.

(Adaptado de PLATÓN; Diálogos de Platón, O banquete, trad. X. Sierra, Ed. Xuntanza, Laracha, 2001)



EPOΣ

EROS



Platón (428-348 a.C.) é, xunto co tamén grego Aristóteles, a base do pensamento filosófico occidental. Os seus escritos están en forma de diálogo: varios personaxes, entre os que adoita estar o seu idolatrado mestre Sócrates, debaten sobre cuestións de alcance universal: entre outras, o concepto de cidadanía, a natureza do amor e da arte, ou a necesidade da educación. Este fragmento do *Banquete* constitúe unha discusión entre membros da elite ateniense do s. V a.C., nun contexto erótico-festivo, sobre o amor nas súas distintas facetas.

NARRADOR: Cando Sócrates rematou de falar, de súpeto, sentíronse golpes na porta do patio, e sobreveu un grande estrondo, como de esmorga. Entón dixo Agatón:

AGATÓN: Escravos, ide ver se é algún dos nosos coñecidos: mandádeo pasar. Se non é así, dicide que xa non estamos a beber, senón que estamos xa a durmir.

NARRADOR: De contado, sentiuse no patio a voz de Alcibiades, completamente bébedo, que preguntaba con grandes voces onde estaba Agatón e pedía que o levasen cabo del. Conducírono entón ata alí, e dixo:

ALCIBIADES: Saúde, cabaleiros. ¿Admitides como compañeiro un home que está totalmente bébedo? Onte non puider vir, pero agora veño con estas cintas sobre a miña cabeza, para coroar dende a miña cabeza a cabeza do home máis sabio e máis fermoso, se se me permite falar así. ¿Non me credes porque estou bébedo? Aínda que riades, eu ben sei que digo a verdade. Pero, dicideme de contado: ¿entro nos termos que acabo de dicir ou non? ¿Beberedes comigo ou non?

NARRADOR: Aclamárono unanimesmente e convidárono a entrar e sentar. Entón Agatón chamouno. Non viu a Sócrates e sentou ó lado de Agatón, en medio deste e de Sócrates, que lle fixo sitio en canto o viu. Ó dar a volta, viu a Sócrates e, sorprendéndose, dixo:

ALCIBIADES: ¿Heracles! ¿Que é isto? ¿Sócrates aquí? Sentaches aquí, de novo axexándome, aparecendo de súpeto, segundo o teu costume, no lugar onde menos te contaba eu. ¿A que viñeches agora? ¿Por que te colocaches precisamente aquí? Pois non estás ó lado de Aristófanes ou xunto a calquera outro que sexa ben divertido, senón que fuches parar a carón do máis fermoso de todos os que están aquí.

SÓCRATES: Agatón: mira se me podes defender, pois a miña paixón por este home converteuse xa nun asunto importante. Dende aquela vez que me deitei con el xa non me é posible conversar ou simplemente mirar a un home fermoso sen que este, sentindo ciúmes e envexa, veña, me insulte e conteña difícilmente as mans. Mira se agora vai facer algo; reconcilianos ou, se trata de facer algo violento, váleme, pois eu teño medo da súa tolemia e da súa paixón polo amante.

ALCIBIADES: En absoluto, non hai reconciliación entre ti e máis eu. Pero xa me vingarei de ti por isto noutra ocasión. Ben, cabaleiros. Parece que estades verdadeiramente sobrios e isto é inadmisíbel, posto que hai que beber, tal como acordamos. Elixóme, polo tanto, a min mesmo presidente da bebida, ata que deades bebido o suficiente. Que me traian, pois, Agatón, unha copa grande, se é que a hai.

NARRADOR: Unha vez traída a copa, bebeuna dun grollo. Despois, mandou que a enchesen de novo para Sócrates, e dixo: ALCIBIADES: Ante Sócrates, señores, este truco non me serve de nada, xa que beberá todo o que lle digan e nunca caerá borracho.

NARRADOR: Cando o escravo lle serviu o viño, Sócrates comezou a beber. Entón, Erixímaco dixo:

ERIXÍMACO: Entón, Alcibiades, ¿imos beber coma os sedentos, sen dicir nin cantar nada perante a copa?

ALCIBIADES: Erixímaco, excelente fillo do mellor e máis prudente pai, ¿saúde!

ERIXÍMACO: Tamén para ti, pero, ¿que imos facer?

ALCIBIADES: O que ti mandes, posto que é preciso obedecerte, porque un médico equivale a outros moitos homes. Ordena, pois, o que ti queiras.

ERIXÍMACO: Daquela, escoita. Antes de que ti chegases acordáramos que cada un debía pronunciar, por orde, de esquerda a dereita, un discurso sobre o Amor. Xa todos falamos. Pero posto que ti non falaches e xa bebiches, é xusto que fales e que, cando teñas falado, ordenes o que queiras a Sócrates, e este ó da súa dereita, e así todos.

ALCIBIADES: Falas ben, Erixímaco, pero comparar o discurso dun home bébedo cos discursos de homes serenos non sería xusto. Ademais, ¿convenceute Sócrates nalgunha cousa? ¿Non sabes que é todo o contrario do que dicía? Se eu digo algo eloxioso de calquera outro, deus ou home, que non sexa el, non apartará de min as súas mans.

SÓCRATES: ¿Non tes nada mellor que dicir?

ALCIBIADES: ¡Por Poseidón! Non digas nada en contra, que eu non gabaría a ningún estando ti presente.

ERIXÍMACO: Faino así, se queres. Eloxía a Sócrates.

ALCIBIADES: ¿Que dis? ¿Cres, Erixímaco, que debo facelo? ¿Debo atacar a este home e vingarme de todos vós?

SÓCRATES: ¿Pero que pretendes? ¿Eloxíame para me deixar en ridículo? ¿Ou que vas facer?

ALCIBIADES: Direi a verdade. Pensa ti se o podo facer.

SÓCRATES: Por suposto. Tratándose da verdade, debes dicila e invítote a que o fagas.

ALCIBIADES: Direina de contado. Pero ti fai o seguinte: se digo algo que non é verdade, interrúmpeme se queres, e di que estou a mentir; pois eu, de acordo coa miña vontade, non penso dicir nada falso. Pero non te abrales se as miñas lembranzas xorden de xeito confuso, porque non é doado para un home neste estado enumerar con facilidade e en correcta orde as súas extravagancias.

Cando sentimos algún orador, por bo que sexa, pronunciar outros discursos, non nos importa nada. Pero cando es ti quen fala, ou alguén que repite as túas palabras, por moi torpe que sexa este, e sexa muller, home ou rapaz quen as escoite, quedamos abraíados e posuídos. Eu, se non estivese bébedo, diríavos qué clase de impresións me teñen causado e aínda me causan as túas palabras. Cando o escoito, o meu corazón latexa aínda máis que os dos que se embriagan coa música dos coribantes. As bágoas cáenme ó ritmo das palabras e vexo que son moitos os que experimentan o mesmo. Teño escoitado a Pericles e outros bos oradores e, aínda que pensaba que falaban con elocuencia, sen embargo, nada semellante nin se alporizaba a miña alma.

Isto é, en definitiva, o que eu e moitos outros sentimos polas melodías de fruta deste sátiro. E, xa que empecei, seguirei a describilo. Sócrates, en efecto, está sempre en disposición amorosa cos rapaces máis fermosos, que sempre están preto del, e queda extasiado con eles; ademais, segundo a súa aparencia, ignora todo e non sabe nada. Non lle importa nada se alguén é fermoso, senón que o despreza dun xeito inimaxinable, nin se é rico, nin se ten algún outro privilexio dos que festexa a multitude. Pola contra, considera que todas estas posesións non teñen ningún valor e que non somos nada. Pasa a vida facendo ironías e brincadeiras coa xente. Sen embargo, non sei se alguén viu algunha vez o seu verdadeiro interior, ese que lle sae cando se pon serio. Eu vinllo unha vez, e pareceume que era tan divino e marabilloso que me levaba a facer, sen máis dúbida, aquilo que Sócrates mandase. E, pensando que estaba de verdade interesado pola miña beleza, pensei que era unha sorte extraordinaria a miña, na idea de que podería, se compracia a Sócrates, oír todo o que el sabía. ¿Que orgulloso estaba eu, en efecto, da miña beleza! Reflexionando, pois, sobre isto, aínda que por aquela época non adoitaba estar só con el, sen acompañante, naquela ocasión, sen embargo, quedei só con el. Cómpre, pois, que vos diga toda a verdade, e se non é así, Sócrates, atállame de contado.

Pensei, polo tanto, que me ía dicir as cousas que en privado lle dí un amante a un amado, e sentiame feliz por iso. Pero non ocorreu nada diso, senón que, despois de dialogar comigo como o facía sempre e pasar o día enteiro na miña compañía, marchou e deixoume. Despois convideino a facer ximnasia comigo, e facía ximnasia con el na idea de que así ía conseguir algo. Fixo ximnasia, en efecto, e loitou comigo moitas veces sen que ninguén máis estivese connosco. Pero non logrei nada. Xa que non alcanzaba de ningún xeito o meu obxectivo, pensei que habería que atacar a este home pola forza e non renunciar, senón avanzar decidido cara a miña meta. Convideino, polo tanto, a cear comigo, como fai un amante que lle pon unha trampa ó seu amado. Ó principio, non aceptou, pero despois, andando o tempo, deixouse convencer. Cando veu por primeira vez, quixo marchar en canto rematou a cea; e eu, por vergoña, deixeno ir. Na segunda ocasión, mantivemos unha longa conversa, ata que xa era ben noite e, cando quixo marchar, posto que era tarde, obrigueino a quedar. Deitouse no leito que estaba a carón do meu, xusto onde ceara, e ninguén máis durmía naquela mesma peza. Ata esta parte do meu relato, a cuestión e clara e podería contarse ante calquera, pero o que vén agora non mo iriades se non houbese viño polo medio.

Pois ben, señores, cando se apagou a lámpada e os escravos marcharon, pensei que non debía disimular máis, senón que me debía decidir a dicirlle libremente o que pensaba. Entón sacudino e díxenlle:

- Sócrates, ¿dormes?

- Non – dixo el.

- ¿Sabes que decidín?

- ¿Que decidiches? - dixo.

- Creo – dixen eu – que ti es o único merecente de se converter en amante meu e que dubidas á hora de dicirmo. Eu, sen embargo, penso así: considero que é insensato non concederche satisfacción nisto ou en calquera outra cousa na que precisas do meu patrimonio e dos meus amigos. Para min, nada hai máis importante que chegar a ser o mellor posible e creo que non atoparei para iso ningún colaborador máis eficaz ca ti.

Entón Sócrates, moi ironicamente, segundo é o seu estilo, dixo:

- Querido Alcibiades, semella que en verdade non es parvo, se efectivamente é certo o que dis de min e hai en min un poder segundo o cal ti poderías chegar a ser mellor. Nese caso, debes estar vendo en min unha beleza irresistible, moi diferente á que se manifesta no teu físico. Sen embargo, se tratas de compartila comigo e trocar unha beleza por outra, non é pequena a vantaxe que queres tirar, pois pretendes adquirir o que é realmente fermoso a cambio dalgo que só é fermoso na súa aparencia. De todos os xeitos, meu querido amigo, analizao mellor, non sexa que te decates de que non son nada. A vista do entendemento empeza a ver con precisión cando a dos ollos principia a perder a súa forza, e ti aínda estás lonxe dese momento.

Eu, ó escoitalo, díxenlle:

- No que a min atingue, eses son os meus sentimentos e non se dixo nada distinto do que penso. Sendo así, pensa ti mesmo qué é o mellor para ti e para min.

- Nisto, en verdade, levas razón – dixo -. No futuro, pois, pensaremos e faremos aquilo que os dous atopemos máis conveniente, nesta e noutras cousas.

Despois de dicir isto e despois de disparar, por dicilo dalgún xeito, as miñas frechas, pensei que o ferira. Erguinme, pois, sen deixalo falar, envolvino co meu manto –era inverno-, boteino por baixo do seu capote, e abracei a aquel vello home, aquí presente, e rodeei cos meus brazos a un ser verdadeiramente divino e marabilloso, nunha aberta que durou toda a noite. Nisto, Sócrates, tampouco dirás que minto. Pero, por moito que eu fixen todo isto, el saíu completamente victorioso: desprezoume, burlándose da miña beleza e magooume. E iso que eu pensaba ser algo neste campo, ¡jou, xuíces! –posto que xuíces vos considero da soberbia de Sócrates-. Así pois, sabede que me erguín, despois de durmir con Sócrates, igual que me erguería despois de durmir co meu pai ou cun irmán máis vello.

Despois disto, ¿qué sentimentos credes que tiña eu, pensando, por unha banda, que fora desprezado, e abraído pola outra, ante a natureza daquel home, a súa moderación e valentía, xa que verdadeiramente batera cun home tal como eu non contara atopar xamais? De xeito que non tiña por qué alporizarme e privarme da súa compañía, nin atopaba o modo de conquistalo. Estaba, pois, sorprendido e desconcertado, e camiñaba dun lado para outro sen saber cómo facer para me liberar daquela escravitude.